

ARTIGO. 34. O Pleno

O Pleno está integrado por todos os Concelleiros e é presidido polo Alcalde.

ARTIGO. 35. Competencias do Pleno

Corresponden, en todo caso, ao Pleno, as seguintes atribucións:

1. O control e a fiscalización dos Órganos de Goberno.
2. Os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais; alteración do termo municipal; creación ou supresión de Municipios e das Entidades de ámbito inferior ao Municipio; creación de órganos desconcentrados; alteración da capitalidade do Municipio e o cambio de nome deste ou daquelas Entidades e a adopción ou modificación da súa bandeira, insignia ou escudo.
3. A aprobación inicial do plan xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos Plans e demais instrumentos de ordenación previstos na Lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calesquera de ditos instrumentos.
4. A aprobación do Regulamento Orgánico e das Ordenanzas.
5. A determinación dos recursos propios de carácter tributario; a aprobación e modificación dos Orzamentos; a disposición de gastos en materia da súa competencia e a aprobación das contas; todo iso de acordo co disposto no Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.
6. A aprobación das formas de xestión dos servizos e dos expedientes de municipalización.
7. A aceptación da delegación de competencias feita por outras Administracións Públicas.
8. A formulación de conflitos de competencias a outras Entidades Locais e demais Administracións Públicas.
9. A aprobación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias fixas e periódicas dos funcionarios e o número e réxime do persoal eventual.
10. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
11. A declaración de lesividade dos actos do Concello.
12. A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.
13. A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 % dos recursos ordinarios do Orzamento -salvo as de tesouraría, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 % dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo iso de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
14. Correspóndenlle as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos non mencionados no artigo 25 apartado 15, deste Regulamento, que celebre a Entidade local.
15. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos Orzamentos.
16. A adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición dos bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

17. Aquelas outras que deban corresponder ao Pleno por esixir a súa aprobación unha maioría especial.

18. Correspóndelle tamén a votación sobre a moción de censura ao Alcalde e sobre a cuestión de confianza plantexada polo mesmo, que serán públicas e realizaranse mediante chamamento nominal en todo caso, e rexeranse polo disposto na lexislación electoral xeral.

19. As demais que expresamente lle confiran as Leis.

ARTIGO 36. Delegación de competencias.

O Pleno poderá delegar o exercicio das atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local referidas no artigo anterior, salvo as enunciadas no número 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 12, 17 e 18.

A delegación de competencias realizarase a través dun acordo, que se adoptará por maioría simple, e producirá efectos desde o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Estas regras serán de aplicación ás modificacións posteriores do devandito acordo.

O acordo de delegación conterá o ámbito dos asuntos a que a mesma se refira e as facultades concretas que se delegan, así como as condicións específicas de exercicio das mesmas.

As delegacións do Pleno en materia de xestión financeira poderán, así mesmo, conferirse a través das bases de execución do Orzamento.